

Sen intervencións ao respecto o asunto sométese a votación, e a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1. Aprobar a rectificación do artigo 10.1º do convenio colectivo aprobado por este concello no que atinxe ao seguinte parágrafo:

«Todos os traballadores incluídos dentro do ámbito persoal deste convenio terán dereito á percepción de dúas pagas extraordinarias, a razón dunha mensualidade por cada unha delas do soldo base, antigüidade e o 40% do complemento equivalente ao de destino para os funcionarios segundo a categoría e o grupo. Estas devengarase nos meses de xuño e decembro».

Que pasará a ter a seguinte redacción:

«Todos os traballadores incluídos dentro do ámbito persoal deste convenio terán dereito á percepción de dúas pagas extraordinarias, a razón dunha mensualidade por cada unha delas, polo importe que en cada momento sexa establecido pola lexislación básica do persoal funcionario ao servizo da Administración pública».

2. Dar traslado deste acordo ao órgano competente da comunidade autónoma, para a súa publicación e entrada en vigor coa maior celeridade».

O que lle traslado, coa reserva dos termos que resulten da aprobación da acta, en cumprimento do ordenado e para os efectos oportunos.

Mos, 5 de xullo de 2005. José Luis Mato Rodríguez, secretario

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 21 de novembro de 2005 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible do Programa de mellora competitiva da PEME. Promoción da mellora competitiva. Subvención a fondo perdido e do Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido para resolucións que se diten no ano 2005.

A nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega publicadas mediante Resolución do 11 de marzo de 2005 (DOG nº 58, do 28 de marzo) e as bases polas que se regulan as axudas aos programas de especialización laboral publicadas mediante Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo) prevén o establecemento de compromisos plurianuais dentro dos límites autorizados.

Con data 29 de decembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobou os orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, publicados mediante Lei 13/2004 (DOG nº 253, do 29 de decembro). Por outra parte, o Consello da Xunta de Galicia ten autorizados os límites de plurianualidades do Instituto Galego de Promoción Económica para o período 2006-2010.

Analizadas as necesidades de fondos e co obxecto de lles poder dar resposta ás solicitudes presentadas, faise necesario ampliar o límite de crédito reservado.

Polo que antecede,

RESOLVO:

Facer público, de acordo cos importes que se relacionan a continuación, a ampliación do límite de crédito dispoñible do Programa de mellora competitiva da PEME. Promoción da mellora competitiva. Subvención a fondo perdido e do Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido para resolucións que se diten no ano 2005, quedando cos límites seguintes:

* Programa de mellora competitiva:

Partida orzamentaria: 01.02.11/04/01.

Finalidade: Programa de mellora competitiva da PEME. Promoción da mellora competitiva. Subvención a fondo perdido.

Importe orzamento 2005: 120.000.

Anualidade 2006: 90.000.

* Programa de especialización laboral:

Partida orzamentaria: 01.02.14/01/01.

Finalidade: Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido.

Importe orzamento 2005: 225.000.

Anualidade 2006: 700.000.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2005.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 22 de novembro de 2005 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na vicepresidencia, anunciada por Orde do 3 de outubro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 196, do 11 de outubro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Vice-